



## FICHA ISAD(G) DO MARQUESADO DE MOS E VALADARES

## 1.- ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Código(s) de referencia	ES.GA.36057.AM.VIG.6
Título	MARQUESADO DE MOS E VALADARES
Datas	1378-1969
Nivel de descrición	Fondo
Volume e soporte	144 unidades de instalación con 3.945 expedientes ou agrupacións documentais en soporte papel na súa práctica totalidade

## 2.- ÁREA DE CONTEXTO

Nome do produtor	Marquesado de Mos Marquesado de Valadares
<i>Historia administrativa (ISAAR)</i>	O marquesado de Mos é un título nobiliario español creado o 14 de xullo de 1685 polo rei Carlos II de España a favor de Gabriel Sarmiento de Sotomayor y Pimentel. Creado polos servizos prestados ao Reino, recibe Grandeza de España en 1776 en cabeza de Benito Correa y Sarmiento. En 1810 únese o marquesado de Mos ao marquesado de Valadares, ao morrer este sen descendencia, e no ano de 1908 ao falecer o marqués de la Vega de Armijo y marqués de Mos, pasa por liña non agnática a súa única supervivente directa en España.
<i>Historia administrativa (ISAAR)</i>	O marquesado de Valadares é un título nobiliario español creado o 6 de xuño de 1673 polo rei Carlos II de España a favor de Luis Sarmiento de Valladares y Meira, I vizconde de Meira. O vizcondado de Meira, foi outorgado o 21 de xullo de 1670, polo rei Carlos II de España a Diego Sarmiento de Valladares, bispo de Plasencia e inquisidor xeral de España, para o seu sobriño paterno Luis Sarmiento de Valladares y Meira, que posteriormente sería nomeado I marqués de Valadares.
Institución arquivística	Arquivo municipal de Vigo
Historia arquivística	A historia arquivística do fondo do Marquesado de Valadares discorre paralela á historia da propia familia. A Casa de Valadares ten a súa orixe na Idade Media, comezando un lento proceso de agrupación dos legados e títulos doutras casas nobiliarias como son o Vizcondado de Meira, o Vizcondado de Pegullal ou o Marquesado de Mos, de modo que parte da documentación destas familias intégrase no arquivo da Casa. No século XIX o acervo da Casa de Montenegro, custodiado no Pazo de Castrelos, incorpórase ao fondo familiar mediante o matrimonio de Francisco Javier Martínez de Arce e Joaquina Montenegro. Neste momento o arquivo se conserva na casa-palacio da rúa Oliva de Vigo. Chegado o século XX e tras a morte de Fernando Quiñones de León Elduayen, Marqués de Mos e Valadares, prodúcese un repartimento das propiedades e da documentación entre as ramas familiares dos Quiñones de León e dos Pérez de Castro. A documentación en mans dos Quiñones de León foi depositada no Arquivo Histórico Nacional en 1973, encontrándose dividida entre a Sección Nobreza situada en Toledo e o arquivo de Madrid. Co gallo da promulgación, o 2 de



decembro de 1963, dunha disposición relativa aos foros indicando a súa liquidación nun prazo máximo de dez anos, a familia Pérez de Castro contrata á arquivista Olga Gallego para a ordenación e catalogación do fondo desta rama familiar.

No mes de agosto de 1992 ese mesmo fondo sería vendido pola familia ao Concello de Vigo para o seu depósito no Arquivo Municipal de Vigo. O fondo estaba organizado de forma xenérica sen descender ao nivel de serie específica, tal como se mostra a continuación:

#### CADRO DE CLASIFICACIÓN

- 1.- Documentos relativos á organización do Arquivo.
- 2.- Documentos patrimoniais.
- 3.- Documentos de administración e administradores: contas.
- 4.- Documentos señoriais.
- 5.- Documentos xenealóxicos e heráldicos.
- 6.- Correspondencia.
- 7.- Documentación variada.

Non obstante, durante o proceso de reclasificación, recatalogación e redescrición que se ten realizado a partir do ano 2020 sobre os fondos do Arquivo municipal estableceuse un cadro de clasificación normalizado para os fondos familiares baseado no cadro de clasificación ofrecido por Olga Gallego no seu “Manual de arquivos familiares”.

Forma de ingreso

Compra

### 3.- ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido

O Marquesado de Mos é un título nobiliario creado polo rei Carlos II o 14 de xullo de 1685 a favor de Gabriel Sarmiento Sotomayor Pimentel. Co paso do tempo esta casa intégrase xunto a outras como poden ser a de Montenegro, Meira ou Valadares, conformando unha das familias nobres máis importantes de Galicia. O fondo do Marquesado de Mos ten unha extensión de 16,50 metros lineais de documentación repartida en 144 unidades de instalación, sendo as datas extremas do conxunto os anos 1378 e 1969.

Dentro dos 3945 rexistros que compoñen o fondo o conxunto máis destacado son os Foros ou aforamentos, que supoñen máis dun cuarto da documentación. Xunto con esta tipoloxía destacan tamén as series de Preitos, Vendas e Cobros de rendas, o que mostra a preponderancia que teñen os documentos relativos ás terras e á súa administración. Esta documentación de carácter económico e rendista concéntrase especialmente en certos morgados coma poden ser os de Raxó, Meri, Pazos, Celme, Gago e Pontevedra ou as casas da Serra e de Atín. En menor medida abundan os rexistros relacionados coa xenealoxía e a historia da familia.

O documento máis antigo conservado data do ano 1378, tratándose do aforamento do lugar da Vide do Caño Longo, en San Salvador de Meis, escrito en albalaes sobre un pergameo. Outros rexistros de interese son por exemplo un memorial dirixido ao rei Felipe IV en torno a 1655, no que se tratan diversos aspectos da política nacional e internacional. No aspecto patrimonial podemos subliñar o “Libro de rateo do Couto de Meri”, de 1847, que inclúe unha detallada descrición das terras así coma



	un mapa do lugar. Por último pódese destacar a copia dunha carta dirixida polo intelectual vigués Teodosio Vesteiro Torres á familia Valladares o día 8 de xuño de 1876, despedíndose deles poucos días antes do seu suicidio.
Valoración, selección e expurgo	Non se realizou ningún expurgo dado o carácter patrimonial e de conservación permanente.
Novos ingresos	Non se esperan novos ingresos dado que se trata dun fondo pechado.
Organización	<p>O fondo documental está organizado en base a un cadro de clasificación orgánico-funcional normalizado para arquivos familiares en base ao proposto por Olga Gallego no seu "Manual de arquivos familiares". Este estrutúrase en seis seccións coas súas correspondentes divisións de sección e series documentais:</p> <p>0.- DOCUMENTOS XENEALÓXICOS E HERÁLDICOS (1755-ca.1930). 1.- DOCUMENTACIÓN PATRIMONIAL (1378-1968).</p> <p>1.1- Transmisión da propiedade (1378-1965). 1.2.- Administración da propiedade (1394-1968).</p> <p>2.- DOCUMENTACIÓN DE CARÁCTER SEÑORIAL (1439-1955). 3.- DOCUMENTACIÓN DE CARÁCTER XURÍDICO (1405-1942) 4.- OFICINA DA CASA. ARQUIVO (1504-1969). 5.- OUTRA DOCUMENTACIÓN (1511-1968).</p> <p>Dentro de cada unha destas seccións estarían integradas as series documentais relacionadas.</p>

#### 4.- ÁREA DE CONDICIÓN DE ACCESO E UTILIZACIÓN

Condicións que rexen o acceso	Documentación patrimonial de libre acceso.
Condicións de reprodución	Reprodución libre a solicitude do interesado, coa excepción da protección documental e da salvagarda da súa integridade.
Notas da lingua/escritura dos documentos	Castelán
Características físicas e requirimentos técnicos	Documentación en soporte papel na súa totalidade.
Instrumentos de descrición	Catálogo informatizado dispoñible en <a href="http://www.atopo.depo.gal">www.atopo.depo.gal</a>

#### 5.- ÁREA DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA

Existencia e localización de orixinais	Non se coñece a existencia de orixinais fóra do arquivo municipal.
Existencia de localización de copias	Non se coñece a existencia de copias.
Unidades de descrición relacionadas	<p>Documentación relacionada con distintos fondos custodiados en diversos arquivos:</p> <p>&gt; Marquesado de Valadares (1532-1934), tamén depositado no Arquivo municipal de Vigo. Fondo composto por oito unidades de instalación, sendo na súa maioría Correspondencia e Certificacións eclesiásticas.</p>



	<p>&gt; Archivo de los Marqueses de Mos (1181-1834): este fondo documental, propiedade dos marqueses de San Carlos, foi depositado no Archivo Histórico Nacional en 1973. En 1995 trasládase á Sección Nobleza do Archivo Histórico Nacional (Toledo).</p> <p>&gt; Familia Sarmiento Valladares (1157-1982): fondo familiar depositado no Arquivo do Reino de Galicia cun volume de dúas unidades de instalación. Na súa maioría son documentos relacionados con nomeamentos, grazas e mercedes ou acreditación de servizos, destacando a de Diego Sarmiento de Valladares, inquisidor xeral.</p>
Nota de publicación	
<b>6.- ÁREA DE NOTAS</b>	
Notas	
<b>7.- ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN</b>	
Notas do arquivado	Descrición realizada polo persoal técnico do Arquivo municipal de Vigo e colaboradores
Notas do arquivado	Primeira versión: Xullo de 2020 Segunda versión: Setembro de 2021
Regras ou normas	General International Standard Archival description, Second Edition, ISAD (G) Norma Galega de Descrición Arquivística (NOGADA)
Data da descrición	Xullo de 2020
Estado de elaboración	Borrador
Nivel de detalle	Completo
Idioma	Galego
Fontes	